

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2008 17:00
Nº Rexistro: 33840
Data envío: 26/11/2008 17:00:29.114


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e María Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ao incumprimento da legalidade en materia lingüística que practica o concello de A Peroxa e as medidas que se adoptarán por este motivo.

No Diario Oficial de Galiza nº 230, do 26 de Novembro de 2008, publícase un edito do Concello da Peroxa en español, excluindo a utilización da lingua galega neste acto administrativo.

Concúlcase así, con esta actuación, o establecido na Lei 5/1988, de 21 de Xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais (hai xa vinte anos da súa aprobación), así como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galiza, que determina literalmente, no seu artigo 7.1, o seguinte:

“O galego, como lingua propia de Galiza, éo tamén da súa administración local. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Ademais do legal, é o argumento democrático o máis demoledor. O galego non é só o idioma propio de Galiza, senón que é o de uso normal e absolutamente maioritario na Peroxa. Dos seus aproximadamente 2.500 habitantes, o 94'10% afirma expresarse “sempre” en galego, e outro 3% case sempre, segundo indican os datos que recolle o último censo de Poboación e Vivendas. Non resulta lóxico que, neste contexto, o concello actúe excluindo o idioma propio e de uso maioritario na súa poboación. Mesmo é posíbel comprobar como na páxina web deste concello figura o topónimo deturpado “La Peroxa” (sic) na versión en español.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ten previsto o Goberno galego dirixirse ao Concello da Peroxa para lle lembrar o marco legal vixente en materia lingüística no ámbito da administración local, a fin de que se respecte e fomente o uso do idioma galego por parte desa corporación local?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez


M^a Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 26/11/2008

16:30:18



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2008 17:00
Nº Rexistro: 33840
Data envío: 26/11/2008 17:00:29.114

María Tereixa Paz Franco na data 26/11/2008

16:31:05